

ECONOMÍA SOCIAL MEETING

DATAS REALIZACIÓN	20 de Setembro 2018	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	16:30 – 18:30 h.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Casa das Campás (Concello de Pontevedra), Rúa Don Filiberto, 9 - Pontevedra		
Persoa de contacto	Tino Gago Conde	teléfono	881.887.456
		e-mail	tino@espazo.coop

OBXECTIVOS

- Presentación mutua das entidades participantes: entidades representativas, cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción. Mediante técnicas de presentación e intercambio de coñecementos e experiencias.
- Posibilitar a transferencia de experiencias, metodoloxías, ou solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación.
- Dar a coñecer contidos específicos que podan contribuir a mellora da xestión empresarial e societaria: financiamento, compras conxuntas, etc.

PROGRAMA

- 16:30h. - Recepción e entrega de documentación
- 17:00h. - Presentación conxunta das entidades e persoas presentes, presentación da Rede Eusumo, presentación do Foro pola Economía Social Galega e do Economía Social Meeting para fomento da intercooperación
- 17:30h. - Dinámicas e técnicas de facilitación da intercooperación para impulsar e afondar en:
- Detección de necesidades comúns
 - Posibilidades de negocio
 - Estratexias de intercooperación e colaboración
- 18:30h. - Peche da xornada.

CONTIDOS

- Presentación mutua das entidades representativas e de base que forman parte da Economía Social
- Detección de necesidades comúns en distintos ámbitos: comercial, representativo, económico, financiamento, legal, etc..
- Posibilidades de colaboración empresarial en base a produtos, servizos, proxectos que podan posibilitar negocios comúns, boas prácticas e experiencias.
- Factores que facilitan ou dificultan a posta en marcha de estratexias de intercooperación e colaboración, oportunidades e posibilidade de financiamento de actividades.

METODOLOXÍA

- Os meetings da Economía Social desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes.
- Poderán utilizarse medios audiovisuais na presentación da entidade e farase un estrito control do tempo de intervención para garantir a axilidade da xornada.

DIRIXIDO A

Persoas socias, traballadoras e equipo técnico das entidades representativas e de base das entidades que integran o 'Foro pola Economía Social Galega' e outras entidades da Economía Social.

Grupo mínimo: 10 persoas - Grupo máximo: 25 persoas



Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2018 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social